



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

OFICINA
ECONÓMICA
DE GALICIA

AXUDAS INEGA A EMPRESAS (IN417Y E IN417Z)

OFICINA ECONÓMICA DE GALICIA

Unha xanela única de atención centralizada

#DESBUROCRATIZAR



ÍNDICE

- IN417Y - Subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas
- IN417Z - Subvencións para proxectos de mellora enerxética nas empresas - Programa Bono Enerxía Peme



IN417Y - Subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas



QUE É A SUBVENCIÓN IN417Y?

Obxecto

Concesión de subvencións para a realización de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, que cumpran cos requisitos e condicións establecidos na resolución que regula as bases e a convocatoria.

+INFO:

- <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN417Y&ano=2025&numpub=1&lang=gl>
- <https://www.inega.gal/gl/axudas/subvencions-ano-2025-2026-para-proxectos-de-aforro-e-eficiencia-nas-empresas-galegas>



A QUEN VAI DIRIXIDO? (I)

1. Poderán acceder á condición de persoas beneficiarias destas subvencións:

a) As empresas legalmente constituídas e autónomos que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia.

Para os efectos destas bases, terase en conta a definición de empresa recollida no anexo I do Regulamento 651/2014, segundo a cal se considerará empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, pública ou privada, que exerza unha actividade económica. En particular, consideraranse empresas as entidades que exerzan unha actividade artesanal ou outras actividades a título individual ou familiar, así como as sociedades de persoas e as asociacións que exerzan unha actividade económica de forma regular.

b) As empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía e que o obxecto destes contratos de servizos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía. Os centros de consumo en que se actúe deben estar situados en Galicia e corresponder a empresas incluídas no ámbito de actuación destas bases.



A QUEN VAI DIRIXIDO? (e II)

Ademais:

2. As entidades que resulten beneficiarias da subvención e con posterioridade contraten a xestión enerxética, total ou parcialmente, a unha empresa de servizos das definidas no punto b) anterior poderán solicitar a modificación da resolución de concesión no sentido de que pase a ser beneficiaria esta última, xuntando unha copia do contrato de servizos enerxéticos no cal se recollan as cláusulas asociadas ao proxecto para o cal se solicita a axuda. Esta solicitude deberá presentarse, como mínimo, vinte (20) días hábiles antes da finalización do prazo de xustificación do investimento do proxecto, e poderá dar lugar á minoración da axuda inicialmente outorgada tras a aplicación da metodoloxía de cálculo da axuda segundo o establecido nestas bases, no caso de que se produza unha variación do investimento elixible ou das características técnicas do proxecto.
3. As empresas deberán cumprir co criterio de autonomía e demais requisitos que se establecen no anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías.
4. Os requisitos para obter a condición de beneficiarios deberanse cumprir, como máis tarde, na data límite de remate do prazo de presentación de solicitudes.



PERSOAS E ENTIDADES EXCLUÍDAS DESTAS AXUDAS

- As persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas nos [números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia](#).
- As persoas particulares e comunidades de propietarios sen actividade económica.
- As empresas que non cumpran os prazos de pagamento a que se refire o artigo 13.3.bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- As que entren na categoría de empresas en crise, ao abeiro da definición do artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014.
- As empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
- As empresas do sector da pesca e acuicultura, por aplicación do artigo 1.3.a) do Regulamento (UE) nº 651/2014, sen prexuízo de que as empresas con actividade de transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura si estarán incluídas nesta axudas por estaren sometidas aos requisitos e límites establecidos no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023:
- As empresas que operan no sector de produción agrícola primaria coas actividades incluídas na sección A e, en concreto, as clases desde a 1.11 á 02.40 do CNAE-2009, ambas incluídas na exclusión.
- Os sectores a que se refire o número 3 do artigo 1 do Regulamento (UE) nº 651/2014.
- A industria extractiva enerxética, a de refinación de petróleo e biocombustibles, así como as empresas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.
- As empresas dedicadas ás actividades recollidas na sección K do CNAE-2009 de actividades financeiras e de seguros.
- Investimentos destinados a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro derivadas das actividades enumeradas no anexo I da Directiva 2003/87/CE.
- Fabricación, transformación e comercialización de tabaco e produtos do tabaco.



PROXECTOS QUE SE SUBVENCIONAN

Serán subvencionables aqueles proxectos con ratios de aforro enerxético anual iguais ou superiores aos indicados na seguinte táboa para cada liña:

DENOMINACIÓN DA LIÑA	PROXECTOS SUBVENCIONABLES
PAPEME - Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pemes	Proxectos que xustifiquen ratios de aforro enerxético iguais ou superiores a 0,2 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de investimento elixible.
PAGE - Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en grandes empresas	Proxectos que xustifiquen ratios de aforro enerxético iguais ou superiores a 0,3 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de investimento elixible.
PAE - Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en pemes ou grandes empresas que reduzan as emisións de GEI, en, polo menos, un 30%	Proxectos que xustifiquen ratios de aforro enerxético iguais ou superiores a 0,1 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de investimento elixible e que, ademais, reduzan polo menos un 30 % as emisións de GEI.
PAP - Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en infraestruturas públicas	Proxectos que xustifiquen ratios de aforro enerxético iguais ou superiores a 0,2 kWh/€ de aforro enerxético de enerxía final e de enerxía primaria por euro de investimento elixible.



PERÍODO DE ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Considéranse actuacións subvencionables as iniciadas con posterioridade a presentación da solicitude de axuda e terminadas antes da data limite para executar e xustificar o investimento será o 15 de setembro de 2026.

As actuacións non poden estar iniciadas nin contratadas con anterioridade a data de presentación da solicitude de axuda.

Inicio dos traballos: ou ben o inicio dos traballos de construción ou ben o primeiro compromiso en firme para o pedido de equipos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible, se esta data é anterior; a merca de terreos e os traballos preparatorios como a obtención de permisos e a realización de estudos previos de viabilidade non se consideran inicio dos traballos.



CONDICIÓN DOS PROXECTOS

1. De conformidade co disposto no artigo 6.1 das bases reguladoras, os traballos non se poderán iniciar con anterioridade á data de presentación da solicitude.
2. O investimento mínimo para que a actuación sexa subvencionable debe ser de 15.000 euros por actuación + IVE. No caso de empresas con actividade de transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura, o investimento para que a actuación sexa subvencionable ten que ser superior aos 200.000,00 euros + IVE.
3. Cada empresa poderá presentar unha ou máis solicitudes. Cada solicitude recollerá un único proxecto técnico, que pode constar dunha soa actuación ou de varias actuacións homoxéneas executadas nun mesmo lugar e que se valorarán de xeito conxunto.
4. En cumprimento do artigo 9.4 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24/xuño/2021 (e outras normas), todos os proxectos financiados ao abeiro destas bases reguladoras deben respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (DNSH, Do No Significant Harm).



CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA

1. A intensidade da axuda será en función da normativa de aplicación:
 - a) Solicitudes acollidas ao Regulamento (UE) nº 2023/2831 *de minimis* (empresas con actividade de transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura):

A contía da subvención será do 35% do custo subvencionable da actuación. A intensidade da axuda incrementarase un: 20% no caso de axudas a pequenas empresas e un 10% no caso de medianas empresas.
 - b) Solicitudes acollidas ao Regulamento (UE) nº 651/2014 (Regulamento xeral de exención por categorías), destinadas a medidas de eficiencia enerxética en edificios.

A contía da subvención será do 20% do custo subvencionable da actuación. A intensidade da axuda incrementarase: 20 % para pequenas empresas e un 10 % para medianas empresas.
 - c) Solicitudes acollidas ao Regulamento (UE) nº 651/2014 (Regulamento xeral de exención por categorías), destinadas a medidas de eficiencia enerxética distintas das dos edificios.

A contía da subvención será do 35% do custo subvencionable da actuación. A intensidade da axuda incrementarase un 20% no caso de axudas concedidas a pequenas empresas e un 10% no caso de medianas empresas.
2. Establécese unha axuda máxima por expediente de 300.000 €, no caso de acollerse ao Regulamento (UE) nº 2023/2831 *de minimis*, e de 1.000.000 € no caso de acollerse ao Regulamento (UE) nº 651/2014 (Regulamento xeral de exención por categorías).
3. A axuda máxima por entidade beneficiaria no conxunto da convocatoria será de 2.000.000,00 de euros.
4. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.



PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

Prazo de presentación:

- Datas específicas: 17/01/2025 09:00 - 15/09/2025 23:59.

Réxime de concesión:

- Concorrenca Non Competitiva: as axudas outórganse por orde de entrada ata esgotar o orzamento.

Onde presentar:

- A través da [Sede Electrónica da Xunta de Galicia](#).

[+INFO NO INEGA](#) ou nos TLFS 881 04 92 10 / 981 54 15 14 / 981 54 15 23



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

OFICINA
ECONÓMICA
DE GALICIA

IN417Z - Subvencións para proxectos de mellora enerxética nas empresas - Programa Bono Enerxía Peme



QUE É A SUBVENCIÓN IN417Z?

Obxecto

Subvenciónanse inversións en equipamentos consumidores de enerxía ou elementos que contribúan a unha xestión enerxética eficiente, destinadas a PEMES e autónomos do sector servizos dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

+INFO:

- <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN417Z&ano=2025&numpub=1&lang=gl>
- <https://www.inega.gal/gl/axudas/subvencions-ano-2025-para-proxectos-de-mellora-enerxetica-dirixido-autonomos-e-pemes-do>



A QUEN VAI DIRIXIDO?

Poderán ser beneficiarios das subvencións as pequenas e medianas empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos que teñan domicilio social ou centro de traballo en Galicia e cuxa actividade estea incluída entre as seguintes seccións do CNAE 2009:

SECTOR SERVICIOS-SECCIÓN CNAE 2009	DIVISIÓN
SECCIÓN G: Comercio al por mayor y al por menor; reparación de vehículos a motor y motocicletas	45 a 47
SECCIÓN H: Transporte y almacenamiento	49 a 53
SECCIÓN I: Hostelería	55 a 56
SECCIÓN J: Información y comunicaciones	58 a 63
SECCIÓN K: Actividades financieras y de seguros	64 a 66
SECCIÓN L: Actividades inmobiliarias	68
SECCIÓN M: Actividades profesionales, científicas y técnicas	69 a 75
SECCIÓN N: Actividades administrativas y servicios auxiliares	77 a 82
SECCIÓN P: Educación	85
SECCIÓN Q: Actividades sanitarias y de servicios sociales	86 a 88
SECCIÓN R: Actividades artísticas, recreativas e de entretenimento	90 a 93
SECCIÓN S: Otros servicios	94 a 96



CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA

A contía da subvención será do 80 % do custe elixible da actuación.

Con carácter xeral, establécese unha axuda máxima de 6.000 euros por solicitude. A axuda asociada ao bono de asesoramento enerxético non computará aos efectos deste límite, e virá limitada polos custes elixibles máximos establecidos na seguinte táboa en función do consumo do centro de traballo.

CONSUMO DO CENTRO DE TRABALLO (KWH/ANO)	CUSTE ELIXIBLE MÁXIMO DIAGNÓSTICO (€)	CUSTE ELIXIBLE MÁXIMO AUDITORÍA (€)
≤ 5.000	500	1.000
> 5.000 ≤ 25.000	1.000	2.000
> 25.000 ≤ 100.000	2.000	4.000
> 100.000	3.500	7.500



CONCEPTOS SUBVENCIONABLES (I)

Son proxectos subvencionables as inversións en equipos consumidores de enerxía ou elementos que contribúan a unha xestión enerxética eficiente (incluídos nas tipoloxías de actuación que se detallarán a continuación).

O investimento mínimo para que as actuacións sexan subvencionables debe ser de 1.000 euros por solicitude + IVE. No caso de que a solicitude contemple exclusivamente o bono de asesoramento enerxético o investimento mínimo da solicitude establécese en 200 euros por solicitude + IVE.

Cada solicitante poderá presentar unha única solicitude por cada centro de traballo.

Cada solicitude poderá contemplar unha ou varias actuacións de distinta tipoloxía dentro dos bonos contemplados. Excepcionalmente permitirase a presentación de dúas solicitudes cando unha delas contemple exclusivamente o bono asesoramento enerxético.



CONCEPTOS SUBVENCIONABLES (II)

a) Bono asesoramento enerxético:

i) **Diagnose enerxéticas**, que inclúan inventario dos principais equipos consumidores do centro de traballo, análise de consumo, propostas de optimización do consumo enerxético e de mellora da contratación e facturación da enerxía avaliando o custo e aforro económico derivado;

ii) **Auditorías enerxéticas**, que ademais do contido das diagnose deben completar a parte de análise de consumos con medicións (análise de combustión de caldeiras, medición consumo eléctrico dos principais equipos consumidores, análise termográfico das instalacións, medicións lumínicas, ...) e na parte de proposta de mellora debe analizar actuacións de eficiencia enerxética, de implantación de enerxías renovables, de mellora da contratación e facturación da enerxía e implantación de sistemas de tele-xestión e automatización que permitan reducir o consumo enerxético.

As empresas que realicen os traballos deben estar dadas de alta na “Listaxe de empresas interesadas en prestar servizos de diagnose/auditoría enerxética no contexto do programa Bono Enerxía Peme”



CONCEPTOS SUBVENCIONABLES (III)

b) Bono envolvente:

Elementos de control solar (toldos ou láminas de control solar e/ou térmico. So serán subvencionables toldos de cor branco e/ou negro e variantes destas cores). En ningún caso serán subvencionables os elementos que incorporen publicidade.

c) Bono iluminación:

Renovación de equipos de iluminación interior e/ou exterior, incluídos rótulos e escaparates, por outros que utilicen tecnoloxía LED e os elementos de control asociados.



CONCEPTOS SUBVENCIONABLES (IV)

d) Bono instalacións eléctricas:

Mellora da eficiencia enerxética en instalacións eléctricas garantindo unha subministración con calidade e fiabilidade (renovación de transformadores, incorporación ou renovación de sistemas de alimentación ininterrompida, compensación de enerxía reactiva, instalación de filtros economizadores ou similares).

e) Bono equipamento:

Renovación do equipamento consumidor de enerxía como cafeteiras, lavalouzas, lavadoras, secadoras, pasadoras de ferro, vending, mobles frigoríficos, autoservizo e calquera equipamento de consumo enerxético propio do establecemento sempre que se poda acreditar unha cualificación enerxética B ou superior. Cando non se dispoña dun sistema de etiquetaxe oficial poderase utilizar como referencia outro sistema, como Eurovent ou similar. Aqueles equipamentos para os cales non exista sistema de cualificación enerxética poderán ser subvencionables se acreditan este aspecto e xustifican que o novo equipamento previsto ten unha eficiencia enerxética superior ao substituído. Deberá xustificarse a retirada do equipo existente e a súa entrega a un xestor autorizado.



CONCEPTOS SUBVENCIONABLES (V)

f) Bono climatización:

Equipamentos que permitan reducir o consumo de enerxía das instalacións de climatización, ventilación e auga quente sanitaria. Esta medida contempla exclusivamente as instalacións fixas, destinadas á climatización e/ou produción e consumo de auga quente sanitaria do establecemento, quedando fora do seu ámbito os equipamentos móbiles e os non permanentes para a climatización de terrazas e outros espazos abertos ao público. Os novos equipamentos deberán ser de potencia térmica nominal superior a 5 kW e ter unha cualificación enerxética B ou superior. Cando non se dispoña dun sistema de etiquetaxe oficial poderase utilizar como referencia outro sistema, como Eurovent ou similar. Aqueles equipamentos para os cales non exista sistema de cualificación enerxética poderán ser subvencionables se acreditan este aspecto e xustifican que o novo equipamento previsto ten unha eficiencia enerxética superior ao substituído. Tamén serán subvencionable a incorporación de recuperadores de calor, de sistemas de arrefriamento gratuito, a mellora dos illamentos da instalación de climatización, sistemas de movemento de fluídos caloportadores e de regulación e control (sistemas de regulación en función de medicións de CO₂ ou da temperatura exterior, billas economizadoras accionadas mediante infrarroxos e outros).



CONCEPTOS SUBVENCIONABLES (e VI)

g) Bono inmótica:

Sistemas domóticos e/ou inmóticos que permitan xestionar a enerxía e o gasto enerxético de forma máis eficiente. No caso de sistemas de telemedida intelixentes que permiten monitorizar as instalacións e detectar consumos anómalos, consideraranse elixibles se incorporan algún tipo de actuador ou automatismo, por exemplo enviando alarmas advertindo de situacións non desexadas. Se só miden e analizan non se consideran elixibles.



PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

Prazo de presentación:

- Datas específicas: 17/01/2025 09:00 - 25/06/2025 23:59.

Réxime de concesión:

- Concorrencia Non Competitiva: as axudas outórganse por orde de entrada ata esgotar o orzamento.

Onde presentar:

- A través da [Sede Electrónica da Xunta de Galicia](#).

[+INFO NO INEGA](#) ou nos TLFS 981 95 35 43



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

OFICINA
ECONÓMICA
DE GALICIA

Calquera trámite transfórmase nun mero trámite: **#Desburocratizar**

www.oficinaeconomicagalicia.xunta.gal

 900 815 151

oficinaeconomicagalicia@xunta.gal